



CALENDARIO DE FIN DE CURSO 2023- 2024 ALUMNADO DE 4º CURSO DE ESO

VENRES 14 DE XUÑO :

1. DEVOLUCIÓN DOS **LIBROS DE TEXTO E ORDENADORES**

O alumnado beneficiario dun ordenador, entregarao en conserxería ás 9.15 ao chegar ao Centro.



Os portátiles entregaranse na súa caixa tal como se lle foi entregado.

Entregaranse cargados para facilitar a comprobación do estado e axilizar o proceso de devolución. Os routers entregaranse aparte, na súa caixa orixinal.

DE NON COMPRIR ESTES REQUISITOS, NON SE LLE CONCEDERÁ PRÉSTAMOS PARA O VINDEIRO CURSO E DEBERÁ COMPENSAR ECONÓMICAMENTE A SUBSANACIÓN DOS DESPERFECTOS.

2. RECOLLIDA **DAS CHAVES** DA TAQUILLA E DEVOLUCIÓN DE FIANZA

Recollida da **chave da taquilla** e devolución da fianza de 5 € (nos casos de perda da chave, descóntanse os **respectivos custos de duplicado, achégase ticket no sobre xunto coa devolución**). O alumnado terá que baleirar a taquilla e recoller as súas pertenzas. A recollida da chave farase ao rematar a entrega de libros, no laboratorio.

3. FRANXA HORARIA, LUGAR E PROFESORADO RESPONSABLE:

HORA	GRUPO	PROFESOR/A DE AULA	PROFESOR/A ENCARGADO DA RECOLLIDA	LUGAR
9:15-10:05	4ºA	Víctor Álvarez	Víctor Álvarez , José Luis	Laboratorio
10:05-10:55	4ºB	Milagros	Víctor Álvarez , Carina	Laboratorio



A **devolución de todos os libros** prestados polo centro é unha **condición sine qua non** para poder **ser beneficiario do fondo de libros para o vindeiro curso.**



Os lotes faranse **na aula de referencia co profesorado da materia** que acompañará ao alumnado **ao laboratorio** onde se comprobará o estado do material devolto, comparándoo có estado rexistrado no día da entrega en setembro.

A continuación depositará na sala de ping-pong os libros prestados pola ANPA.



Lembrete devolver os libros da biblioteca, a morosidade recorrente pode ter consecuencias sobre o préstamo de libros para o curso seguinte.

VENRES 21 DE XUÑO



Remate das clases e final de curso.

Ese día haberá clase en horario habitual e servizo de comedor e transporte. O alumnado deberá deixar a aula baleira e revisarase o estado de mesas e cadeiras.

LUNS 24 DE XUÑO : **SESIÓNS DE AVALIACIÓN:**

MARTES 25 DE XUÑO

1- ENTREGA DE NOTAS

- 12:00: 4º ESO



Respectade a franxas horaria establecida, por favor. Pode que o/a titor/a lle queira dedicar un tempo que non sexa unha mera entrega de boletíns.

Ese mesmo día entregaráse ao alumnado a certificación académica.

2- PRAZO DE RECLAMACIÓNS

Desde o 25 de xuño, a partir da entrega de notas, ata o 27 de xuño de 2024.

3- PRAZO DE MATRÍCULA:

Desde o 25 xuño ata o 10 de xullo de 2024.

Atoparedes toda a información pertinente, na nosa páxina Web <https://www.edu.xunta.gal/centros/iescotobade/> e taboleiro de anuncios do Centro.

Recomendamos a consulta das novas da páxina web.